

Concello de Outes

Expediente núm.: 557/2019

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos para a selección dun substituto/a oficial condutor dentro do programa APROL RURAL : brigada forestal 2019

Data de iniciación: 20/06/2019

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a proposta do Tribunal cualificador respecto da relación definitiva de persoas aprobadas por orde de puntuación, e de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, segundo se detalla a continuación sendo a) puntuación segundo os criterios da base 5ª , b) puntuación entrevistas e c) puntuación total:

	a)	b)	c)
1. Lago Lago, Martín	0,50	2,50	3,00
2. Miranda Brea, Alejandro	0,50	2,00	2,50
3. Pena Romero, José Benjamín	0,50	2,00	2,50

RESOLVO

PRIMEIRO. Resolver dito expediente de selección de persoal propoñendo a contratación como substituto/a oficial condutor dentro do programa APROL RURAL : brigada forestal 2019 do Concello de Outes a D. Martín Lago Lago por ser o aspirante que acadou a maior puntuación, quedando o resto de candidatos/as incluídos na bolsa de emprego consonte o estipulado nas bases que rexeron o proceso selectivo.

SEGUNDO. Publicar esta resolución na sede electrónica e na páxina web do Concello.

TERCEIRO. Requirirille á persoa seleccionada para que achegue a documentación que proceda a fin de acreditar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, base 10º, no prazo de 10 días a contar desde esta publicación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE